

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E GADISA RETAIL, SLU EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Santiago de Compostela

REUNIDOS

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, publicado no *DOG* núm. 94, do 16 de maio e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 119/2022, do 20 de xuño, publicado no *DOG* núm. 126, do 4 de xullo, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Don Agustín Manuel Rodríguez Vázquez, con NIF 32751426R, que actúa en nome e representación da sociedade mercantil GADISA RETAIL, SLU, con domicilio social no Polígono Piadela, s/n, 15300 Betanzos (A Coruña) e con CIF B15735590, en exercicio das facultades concedidas polo poder notarial 2023/25, outorgado en presenza do notario Oscar M. López Doval o 3 de xaneiro de 2023 na localidade de Betanzos.

As partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos e coa representación competencial que posúen, e recoñecéndose mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente convenio de colaboración

EXPOÑEN

1. Que de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como



lingua cooficial do idioma galego, polo que deberá adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular as manifestacións culturais feitas en galego.

2. Que no ámbito da Administración autonómica galega, lle corresponden á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia, para o que ten que xestionar e coordinar actuacións para potenciar e fomentar o galego. Para este fin precisa colaborar, na medida do posible, con outros axentes ou entidades públicas e privadas que actúan no ámbito autonómico para potenciar e achegar o idioma galego a todos os ámbitos sociais.

3. Que GADISA RETAIL, SLU é un grupo empresarial de Galicia dedicado ao sector da distribución alimentaria. A súa actividade principal é a distribución por xunto e en supermercados propios. Con capital 100 % galego está composta por sete liñas de negocio. Na súa actividade social e cultural proxecta un decidido interese pola integración social, o recoñecemento e difusión da lingua galega, así como das súas manifestacións culturais. No ámbito da súa responsabilidade social corporativa pretende implantar de forma decidida o uso do galego dentro da súa actividade empresarial. A súa implicación na celebración de datas fundamentais da nosa cultura, entre as que destaca, sen dúbida, o Día das Letras Galegas, evidencian un constante apoio ao feito diferencial galego, á súa lingua e a súa cultura. Coas súas accións encamiñadas á difusión da cultura galega e de dinamización do uso do galego no ámbito do tecido económico garante os dereitos lingüísticos dos consumidores, e pola súa vez, reforza a identidade galega mediante o recoñecemento, proxección e difusión de manifestacións culturais, efemérides e celebracións culturais de importante repercusión en Galicia. É o caso da festa da lingua que nos une e nos identifica. Neste ano 2023, GADIS quere establecer vínculos coa administración lingüística para ofrecer un programa de accións para festexar o Día das Letras Galegas en colaboración coa consellería competente en



materia de cultura e lingua a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Esta colaboración poderá estenderse a outras datas, campañas ou accións que realice a empresa ao longo do ano e durante a vixencia deste convenio de colaboración coa finalidade de promover a lingua e a cultura galegas como un produto galego de calidade e mostra da nosa identidade singular como pobo.

4. Que as partes asinantes deste convenio de colaboración manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso ás relacións laborais, comerciais e empresarias coa finalidade de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

Polo anteriormente exposto, as partes acordan asinar un convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes:

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto do convenio de colaboración

O obxecto deste convenio de colaboración é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e Gadisa Retail, SLU no desenvolvemento das actividades de promoción da lingua galega previstas neste documento.

Segunda.- Compromisos das partes

As partes asinantes deste convenio de colaboración comprométese a desenvolver de forma colaborativa e conxunta no ámbito das súas competencias as accións necesarias para o eficaz cumprimento do obxecto deste convenio e, nomeadamente, as seguintes:



1. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística asume os seguintes compromisos:

1.1 Facilitarlle, cando sexa preciso, á outra parte do convenio de colaboración o apoio e asesoramento técnico respecto dos aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas accións, programas ou actividades obxecto deste convenio de colaboración.

1.2 Facilitar que Gadisa Retail, SLU utilice os logotipos e a marca da Xunta de Galicia nas accións e actividades obxecto deste convenio con sometemento expreso as normas de identidade corporativa.

1.3 Calquera outra acción representativa, de presenza institucional e de apoio respecto da organización, desenvolvemento e difusión das actividades obxecto deste convenio de colaboración.

2. Gadisa Retail, SLU, na representación que lle corresponde, comprométese ao seguinte:

2.1 Organizar, xestionar e executar todas as accións que teñan relación co seu programa de actividades para conmemorar as Letras Galegas do ano 2023 e outras que queira emprender, sen prexuízo de que solicite a colaboración da SXPL para accións relacionadas coa corrección lingüística do programa, selección ou ditame de propostas, representación institucional e apoio en actos de presentación ou difusión da campaña da que se trate.

2.2. Gadisa Retail, SLU pretende promover o uso do idioma galego entre o seu público, e aproveitar en especial as novas posibilidades que ofrecen as ferramentas dixitais para potenciar a creatividade e o talento dos galegos e galegas. Por iso, comprométese a poñer en marcha un concurso de vídeos creativos en TikTok, no que se recoñecerán os mellores contidos en galego en diferentes disciplinas (arte, música, audiovisual e poesía). Ademais, entregaranse diferentes premios aos gañadores en función de diferentes criterios (calidade técnica, orixinalidade, mellor contido...).



Os obxectivos que se pretenden acadar con este proxecto son os seguintes:

- Favorecer e dar a coñecer o talento da xuventude galega.
- Premiar a excelencia e recoñecer o esforzo das persoas que crean contidos orixinais en galego.
- Promover o uso do galego en novas plataformas dixitais, como TikTok.
- Amosar o valor da colaboración pública-privada no eido cultural e creativo.

Este proxecto, que se desenvolverá nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, enmárcase na celebración das Letras Galegas 2023, como unha maneira de darlle continuidade no tempo a este emblemático día. Contará, ademais, cun plan promocional específico, que se difundirá tanto en medios propios (redes sociais, web...) como alleos (*social ads, influencer marketing...*).

Terceira.- Orzamento e financiamento do convenio

A execución das accións e programas obxecto deste convenio de colaboración non suporá un custo económico directo imputable ás partes asinantes sen prexuízo de que para o cumprimento dos fins relacionados coa normalización lingüística ou da responsabilidade social corporativa de empresa no ámbito da cultura cada parte asinante asuma os custos da programación, organización e desenvolvemento que teña a ben realizar.

Cuarta.- Propiedade industrial, imaxe e marca

A denominación social de cada unha das partes, as súas marcas rexistradas, logotipos e calquera signo distintivo son propiedade exclusiva de cada unha delas.

Ningunha das partes asinantes do presente convenio poderá utilizar marcas, distintivos ou dereitos de propiedade industrial, imaxe e marca da outra parte para fins distintos dos expresamente indicados neste documento.

Cada unha das partes garántelle á outra que é titular da totalidade das marcas e de calquera outro dereito de propiedade industrial, imaxe e marca que serán utilizados pola outra parte en virtude deste convenio ou, de ser o caso, que conta coas



autorizacións correspondentes do seu titular. No marco das obrigas previstas no presente convenio a utilización por GADISA RETAIL, SLU, dos logotipos e da imaxe corporativa da Xunta de Galicia, para promover a súa acción normalizadora e de dinamización lingüística requirirá a supervisión e aprobación previa da SXPL que, ademais, fará indicacións respecto da colocación e localización dos signos distintivos na documentación ou soporte de que se trate. A utilización das marcas e de calquera outro dereito de propiedade industrial, imaxe ou marca titularidade da outra parte para os fins previstos no presente convenio non comportará de ningún xeito a adquisición por aquela de ningún dereito sobre estes.

Quinta.- Confidencialidade

A información pertencente a calquera das partes á que a outra puidese ocasionalmente ter acceso en virtude do presente convenio de colaboración ten carácter estritamente confidencial. As partes obríganse a manter en segredo a devandita información, tanto durante o prazo de vixencia do presente acordo de colaboración como despois da súa expiración, salvo naqueles aspectos que pasasen ao dominio público ou foren notorios por medios alleos ás partes.

Sexta.- Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio de colaboración deberanse levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación considerárase causa específica de resolución deste convenio de colaboración.

Sétima.- Rexistro de convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio de colaboración suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de colaboración, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de



xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, coa sinatura deste convenio de colaboración as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen neste e mais o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Oitava.- Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas co obxecto deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas ou logos de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das dúas partes comprométese a facer mención da outra parte e deste convenio de colaboración.

Novena.- Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o **30 de novembro de 2023**. Non obstante, poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimación dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, tras a audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

Décima.- Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio creárase unha comisión paritaria de seguimento, constituída por dous representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, nomeados polo seu titular, e dous representantes de Gadisa

Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes de Política Lingüística, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.



Décimo primeira.- Causas de resolución

O presente convenio de colaboración resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

Décimo segunda.- Responsabilidade das actuacións

A sinatura deste convenio de colaboración non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas nel e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir ningunha responsabilidade—nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria— polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio de colaboración.

Décimo terceira.- Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio de colaboración e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua e na promoción e difusión da cultura.

Décimo cuarta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa



física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo quinta.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio de colaboración respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (*BOE* 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e adoptar cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo sexta.- Administración dixital

As partes asinantes deste convenio de colaboración respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (*DOG* 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan á súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme á política de privacidade publicada e



respetar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

Décimo sétima.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio de colaboración ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

En proba de conformidade, asínase dixitalmente este convenio de colaboración.

O conselleiro de Cultura , Educación,
Formación Profesional e Universidades

O representante de Gadisa Retail, SLU

Román Rodríguez González

Agustín Manuel Rodríguez Vázquez

